

EU, DANIEL BLAKE

[Ken Loach, 2016]

168

ESTREA EN NUMAX: 28.10.2016 | v.o.s.e. | +12

Daniel Blake (2016, 101')

Dirección: Ken Loach

Guión: Paul Laverty

Reparto: Hayley Squires, Natalie Ann Jamieson, Dave Johns, Micky McGregor, Colin Coombs, Bryn Jones, Mick Laffey, Dylan McKiernan, John Sumner, Briana Shann, Rob Kirtley

Montaxe: Jonathan Morris

Dirección de arte: Caroline Barton

Vestuario: Jo Slater

Son: Adam Scrivener

Música: George Fenton

Fotografía: Robbie Ryan

Produtora: BBC, BFI, Sixteen Films (Reino Unido)

Distribuidora: Caramel Films España

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Jimmy's Hall, 2014

El viento que agita la cebada, 2006

La cuadrilla, 2001

Tierra y libertad, 1995

Lloviendo piedras, 1993

Agenda oculta, 1990

Kes, 1969

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Palma de Ouro ao mellor filme), Locarno 2016 (premio do público), Donostia 2016 (premio do público), Vancouver 2016 (premio do público)

SINOPSE

Por vez primeira na súa vida, vítima de problemas cardíacos, Daniel Blake, carpinteiro inglés de 59 anos, vese obrigado a acudir aos servizos sociais. A pesar de que o médico lle prohibiu traballar, a administración obrígalle a buscar un emprego se non quere recibir unha sanción. No transcurso das súas citas ao *job center*, Daniel crúzase con Rachel, unha nai solteira de dous nenos que tivo que aceptar un aloxamento a 450 km da súa cidade para evitar que os envíen a un fogar de acollida.

«*Eu, Daniel Blake* é a quintaesencia de Loach mais, aínda que o marco e perspectiva son familiares, os filmes do veterano director británico seguen a ter o poder de arrastrarnos a un choque de emoción»

David Roobey, THE HOLLYWOOD REPORTER



EU, DANIEL BLAKE

[Ken Loach, 2016]

«O 'establishment' político emprega a fame e a pobreza de xeito consciente»

Entrevista a Ken Loach

Onde se atopan as raíces da historia do filme?

A historia universal do pobo loitando pola supervivencia é o punto de partida. Mais os personaxes e a situación tiñan que se ancorar en experiencias vividas. Se ollamos coa profundidade precisa podemos ver a crueldade coa que o estado trata á xente desesperada e o uso da burocracia, ineficiente a man tenta, como unha arma política. «Isto é o que sucede cando non traballas, se non atopas traballo has sufrir». A ira fronte a todo isto é o que motivou o filme.

Onde comezaches a pesquisa?

Sempre quixen facer un filme no meu pobo, en Nuneaton, nas Midlands, e o mesmo sentía Paul Laverty, así que fomos atoparnos con xente que traballa alí. Estou implicado nunha entidade caritativa chamada Doorway, que leva a miña amiga Carol Gallagher. Ela presentounos a unha chea de xente, de moi diferente procedencia, que non era quen de atopar traballo por diversas razóns, sendo a ausencia de posibilidades unha delas. Algunhas estaban a traballar para empresas de traballo temporal con salarios baixos e non tiñan onde vivir. Un deles acolleunos na súa casa e o seu cuarto era dickensiano. Había un colchón no chan e unha neveira pero pouco máis. Paul preguntoulle se sería un problema que viramos o que tiña na neveira e el dixo «non» e abriuna: non había nada, nin leite, nin bolachas, nada. Díxonos que a semana anterior estivera sen comida durante catro días. Estaba severamente famento e desesperado.

E como definiches a narrativa do filme?

Esa foi probabelmente a decisión máis complexa porque tiñamos moitas historias. Sentiamos que xa fixeramos varios filmes sobre xente nova e pensamos en centrarnos na xente maior. Hai unha xeración de xente con experiencia en traballos manuais que se aproximan á fin da súa vida laboral. Teñen problemas de saúde e non

atopan traballo porque non son quen de axustarse aos ritmos das axencias de emprego. Están afeitos a unha estrutura máis tradicional e atópanse perdidos. Ademais non se manexan coas novas tecnoloxías. Escoitamos moitas historias, Paul comezou a definir o personaxe de Daniel Blake e o proxecto botou a andar.

O teu argumento é que a estrutura burocratizada de emprego é impenetrábel de seu.

Si, os centros de emprego nestes momentos non axudan á xente, máis ben dedícanse a pór obstáculos no seu camiño. Hai un orientador laboral ao que non se lle permite dicir á xente cales son os traballos vacantes. Ademais estes orientadores teñen que sancionar á xente que non cumpre os requisitos e se non sancionan persoas de abondo eles mesmos ven perigar o seu posto. Soa *orwelliano* non é? Todo isto vén de investigacións feitas entre traballadores destes centros que son activos membros do sindicato PCS (Public and Commercial Services Union).

Consideras que é unha historia que fala principalmente destes tempos?

Coido que ten implicacións máis amplas. Remite á Lei de Pobreza (Poor Law), á idea da pobreza merecida e inmerecida. A clase traballadora busca traballo por medo á pobreza. Os ricos teñen que percibir riquezas a cada pouco meirandes. O *establishment* político emprega a fame e a pobreza de xeito consciente para que a xente acepte salarios máis baixos e unha maior inseguridade laboral. Por se fora pouco aos pobres pídeselles que se sintan culpábeis da súa pobreza.

Tamén nos falas no filme dos bancos de alimentos?

Os bancos de alimentos son espazos terribéis, onde ves a xente desesperada. En Glasgow vimos un home achegándose á porta dun deles, rondou un tempo e finalmente marchou. Unha muller que traballaba no banco foi onda el, pois era evidente que precisaba axuda, mais o home non foi quen de afrontar a humillación de pedir pola comida.

Publicado en <http://www.showfilmfirst.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El derecho al desempleo útil, Ivan Ilich. Díaz Pons, 2015
La senda del perdedor, Charles Bukowski. Anagrama, 2015
El establishment, Owen Jones. Seix Barral, 2015
El trabajo garantizado, Alberto Garzón & Adoración Guamán (coords.). Akal, 2015
Citizen Ken Loach, Karim Dridi. Intermedio [DVD]
Jimmy's Hall, Ken Loach. Vertigo [DVD]
Black Jack, Ken Loach. BFI [DVD]
Cine de nuestro tiempo 3: Abel Ferrara, Ken Loach, Jean Rouch, Otar Iosseliani. Intermedio [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME